

**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional**

Modelo MD850RI05

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Curso: 2023 - 2024

CIFP: SOMESO

Índice

1	Xustificación baseada no contexto.....	3
2	Identificación e valoración das necesidades.....	3
3	Determinación dos obxectivos.....	3
4	Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade.....	3
5	Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas.....	3
6	Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.....	3
7	Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición....	3
8	Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro.....	3
9	Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.....	3
10	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.....	4



1 Xustificación baseada no contexto

Por unha banda imos sinalar a contextualización legal e por outra, a contextualización do contorno socioeconómico no que está ubicado o centro e do propio centro.

O marco lexislativo é o seguinte:

- Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- Real Decreto 1558/2005, de 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos Centros Integrados de Formación Profesional.
- Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os Centros Integrados de Formación Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 29 de xullo do 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011 polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da FPB das ensinanzas de FP no sistema educativo de Galicia e se establecen vinteún currículos de títulos oficiais básicos.
- Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se regula aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014/15.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Resolución do 6 de xuño de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 23/24.



Paso agora a facer referencia ao marco contextual do centro:

O CIFP Someso está ubicado na cidade de A Coruña, a economía da cal está baseada fundamentalmente no sector servizos, a pesares disto a cidade conta con dous polígonos industriais, o polígono de A Grela e o polígono de Pocomaco.

A cidade de A Coruña ten unha poboación próxima aos 250.000 habitantes. Conta con distintas liñas de autobuses que prestan servizo á cidade e arredores. O CIFP está situado no barrio de Someso, barrio situado cerca da principal vía de saída da cidade. Trátase dunha zona en expansión con vivendas, áreas comerciais e instalacións deportivas. Non é unha zona industrializada; só estas áreas, pequenos comercios e obradoiros conforman o barrio.

Os seus habitantes son maioritariamente traballadores de clase media, se ben coas novas vivendas que se están a construír, o barrio experimentará un crecemento importante, cunha poboación moito máis heteroxénea.

Socialmente, o alumnado do centro é unha representación da clase media nos ciclos formativos de grao medio e superior e da clase media - baixa principalmente na formación profesional básica.

A procedencia académica do alumnado é tanto da ESO, como doutros ciclos formativos, bacharelato ou mesmo da universidade. En canto á procedencia xeográfica, podemos falar dunha zona ampla, tanto da propia cidade de A Coruña como doutras comarcas, limítrofes e non limítrofes, incluso doutras provincias.

No referente á inserción laboral hai que dicir que o índice de ocupación dos alumnos que cursan un ciclo formativo no centro, principalmente de grao medio e superior, é elevado.

O centro conta con máis de 110 profesores pertencentes ás diferentes familias profesionais ofertadas no centro e ao departamento de Formación e Orientación Laboral así como ao departamento de Información e Orientación Profesional. Ademais desde o curso 18 - 19 ata o pasado curso (2021 - 2022), o profesorado do IES Elviña e IES Sardiñeira impartiron os diferentes módulos comúns de FP básica . A partires deste ano, estes profesores/as forman parte da plantilla propia do centro.

Actualmente o CIFP Someso realiza a oferta de estudos dos subsistemas da formación profesional (formación regulada e formación para o emprego) de cinco familias profesionais:

1. Imaxe persoal
2. Fabricación mecánica
3. Madeira, mobre e cortiza
4. Edificación e obra civil
5. Transporte e mantemento de vehículos

A oferta formativa en cada unha destas familias en réxime ordinario é a seguinte:

1. Imaxe persoal

- CB Peiteado e estética
- CM Estética e beleza



- CM Peiteado e cosmética capilar
- CS Estética integral e benestar
- CS Estilismo e dirección de peiteado

2. Fabricación mecánica:

- CB Fabricación e montaxe
- CM Mecanizado
- CM Soldadura e caldeiraría
- CS Programación da produción en fabricación mecánica
- CS Construcións metálicas

3. Transporte e mantemento de vehículos:

- CB Mantemento de vehículos
- CM Carrozaría
- CM Electromecánica de vehículos automóbiles
- CS Automoción

4. Madeira, moble e cortiza:

- CB Carpintaría e moble
- CM Carpintaría e moble
- CS Deseño e amoblamento

5. Edificación e obra civil:

- CB Reforma e mantemento de edificios
- CS Proxectos de edificación
- CS Proxectos de obra civil

A oferta en réxime modular presencial é a seguinte:

- CM Peiteado e cosmética capilar
- CM Soldadura e caldeiraría
- CM Electromecánica de vehículos automóbiles
- CM Instalación e amoblamento
- CM Construción
- CS Estética integral e benestar
- Formación específica básica de albanelería e fontanaría (Programa Retorna Talento FP)

A oferta en modalidade modular a distancia:

- CS Proxectos de obra civil

- CS Construcións metálicas
- CS Organización e control de obras de construción
- CS Proxectos de edificación (Programa Retorna Talento FP)

Por último, na modalidade dual se oferta en primeiro curso:

- CM Electromecánica de vehículos automóbiles
- CM Carpintaría e moble
- CS Estética integral e do benestar
- CS Programación da produción en fabricación mecánica
- CS Automoción

En segundo curso:

- CM Soldadura e caldeiraría.
- CM Mecanizado.
- CM Carrozaría.
- CM Carpintaría e moble.
- CS Proxectos de edificación
- CS Construcións metálicas

2 Identificación e valoración das necesidades

A detección e valoración das necesidades de resposta á diversidade realízase a través dos ditames de escolarización, informes doutros cursos ou departamentos de orientación, información aportada polos titores e titoras, posta en contacto coas familias, avaliacións iniciais, reunións cos equipos docentes e con titores/as, xade, sesións de avaliación e de seguimentos.

A partir das diferentes intervencións realizadas durante o curso extráense datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa con medidas ordinarias ou extraordinarias tendo en conta a normativa e as datas sinaladas na mesma.

Valorarase a información do plan e das medidas no claustro xunto coas reunións previas co equipo directivo e titores xunto cos documentos do DIOP que constan no Proxecto funcional do centro.

3 Determinación dos obxectivos

O Plan de atención á Diversidade está encamiñado a dar resposta ao alumnado que ten dificultades no proceso de ensinanza/aprendizaxe, tendo en conta as características individuais dos/as alumnos/as e tratando de adoptar estratexias e actuacións educativas axeitadas a cada alumno/a, os obxectivos centraranse en:

- Concretar tódalas medidas de atención a diversidade que o centro ten previstas para darlle una resposta educativa ás necesidades do alumnado e servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto.



- Facilitar ao CIFP unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado e a planificación e organización dos reforzos, medidas extraordinarias e recursos persoais e materiais para axústalos ás necesidades detectadas.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, tendo en conta os recursos do CIFP ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.

4 Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade

As principais liñas de actuación son:

- Difusión dos distintos itinerarios formativos, validacións, probas, sistemas de acreditacións, e metas de cada un deles a todas as persoas interesadas.
- Realización de entrevistas persoais para recollida de datos das características e necesidades educativas especiais (NEE) do alumnado que presenta unha certificación de discapacidade coa solicitude de admisión a ciclos (No caso de menores de idade faise extensivo ás familias).
- Elaboración dos informes das NEE recollidas na inscrición.
- Detección, a través da información obtida nas sesións de avaliación inicial e da observación directa do profesorado, das NEAE que poida presentar o alumnado do centro.
- Información e orientación ao titor ou titora e ao equipo docente do grupo no que estea incluída, sobre as medidas educativas máis apropiadas en cada caso.
- De ser o caso, solicitude de asesoramento e apoio ao Equipo de Orientación Específico (EOE).
- Seguimento e valoración da evolución do alumnado a través de entrevistas individuais, xuntanzas cos titores ou equipos docentes e información recollida nas sesións de avaliación.
- Establecer horarios de apoio nos módulos comúns de FPB para o alumnado que máis o precise por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Establecer un apoio á inmersión lingüística do alumnado que, polas súas características, o precise.
- Asesoramento ao profesorado sobre as distintas medidas de atención á diversidade así como sobre os diferentes protocolos de actuación da Consellería.
- Información e orientación individual ao alumnado e ás familias do alumnado menor de idade así como ao profesorado sobre as medidas de flexibilización modular, adaptación metodolóxica do currículo tendo en conta as novas alternativas (aprendizaxe por proxectos, por servizos, tutoría entre iguais...), apoio educativo e recursos materiais e humanos aos que se pode recorrer.
- Solicitude dos recursos necesarios en cada caso (ex. Intérprete de lingua de signos)
- Axuste das medidas aplicadas segundo as necesidades detectadas.

En canto ás medidas de atención á diversidade, podémolas clasificar en:

- a) Medidas ordinarias: aquelas que faciliten a adecuación do currículo sen alteración significativa dos seus resultados de aprendizaxe, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.
- b) Medidas extraordinarias: as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

a) Medidas ordinarias:

A atención a diversidade no CIFP Someso poderase realizar a través das seguintes medidas ordinarias:

- Proxecto Funcional do Centro, destacando dentro do mesmo a organización do centro que facilitará a atención a diversidade para:
 1. Facilitar a integración dos/as alumnos/as.
 2. Favorecer a aprendizaxe do/a alumno/a en base as súas posibilidades.
 3. Favorecer a colaboración e implicación de tódolos/as profesores/as do centro.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e as circunstancias do seu contorno: tendo en conta o tipo concreto de alumnado da aula, a súa procedencia, o seu nivel de competencia curricular, o seu nivel lingüístico, posibles necesidades específicas de apoio educativo, etc.
- Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos como a tutoría entre iguais ou o aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación fundamentalmente no caso dos alumnos e alumnas con NEAE e tendo en conta os diferentes protocolos elaborados pola Consellería.
- Aula de convivencia inclusiva para atender ao alumnado de xeito temporal que imposibilite o desenvolvemento das clases no seu grupo de referencia. Esta aula emprégase fundamentalmente para o alumnado de Formación Profesional Básica onde un equipo de convivencia, de xeito coordinado, xestiona os problemas de conduta do alumnado tratando de buscar solucións educativas así como a implicación das familias para a mellora da conduta do alumnado.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, tendo en conta que o reforzo educativo é unha medida que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Neste tipo de reforzo entendemos:
 1. Reforzo a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a nivel xeral.
 2. Reforzo de inmersión lingüística a alumnado con importante descoñecemento dos idiomas da nosa comunidade.

b) Medidas de carácter extraordinario:

Hai que ter en conta que no noso centro educativo polo tipo de ensinanzas impartidas ten un escaso abano de medidas extraordinarias, principalmente contamos coa flexibilización modular, proceso que explico a continuación:

- Flexibilización modular. Ámbito y flexibilización modular de ciclos formativos:
 1. Unha vez comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude no servizo territorial de inspección educativa correspondente para que se emita informe ao respecto. A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación antes do 31 de outubro:
 1. Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación do centro en colaboración co profesor ou a profesora que exerza a tutoría.
 2. Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da tutoría legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
 3. Fotocopia compulsada do expediente académico.
 4. Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, no seu caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.
 2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa remitirá toda a documentación, xunto co seu informe, ao xefe ou ao xefe territorial, aos que corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización.

Por iniciativa do Servizo Territorial de Inspección Educativa, poderase requirir ao equipo de orientación específico a elaboración dun informe complementario que motive a resolución.

- Atención por parte da persoa **intérprete de lingua de signos**, no CIFP Someso escolarízanse habitualmente alumnos con deficiencia auditiva usuarios desde recurso, polo que é un recurso humano co que conta o centro desde hai varios cursos. Estes especialistas deben realizar un plan de intervención co alumnado ao que atenden así como unha memoria das actividades realizadas. No plan de intervención especificaranse cando menos:
 1. Alumnado ao que atenden
 2. Horario
 3. Outras actividades a desenvolver

Na memoria deberase incluír un resumo das actividades realizadas durante o curso.

A solicitude inicial deberase realizar cando antes se saiba da existencia do alumnado con déficit auditivo solicitante ou matriculado no centro tendo en conta os períodos de solicitude e matrícula nos ciclos formativos de Formación Profesional incluíndo na solicitude o correspondente informe no que se xustifique a necesidade da medida. Así



mesmo, a solicitude de continuidade realizarase cando un alumno/a previsiblemente permaneza no centro educativo para o curso seguinte, o que se comunicará no mes de maio, cos correspondentes informes xustificativos.

Hai que falar tamén como medida extraordinaria de atención á diversidade da **atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro docente** xa sexa a través de atención domiciliaria, previa solicitude do/a alumno/a ou dos titores/as legais en caso de menores de idade ou de atención virtual.

5 Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas

A detección e valoración das necesidades específicas de apoio educativo así como os criterios para a distribución de recursos realízase mediante as seguintes actuacións:

A detección de necesidades específicas de apoio educativo, que pode partir de diversas fontes:

1. Solicitude de ciclos a través da cota de discapacitados.
2. Reunións cos pais/nais/titores/as legais do alumnado ou co propio alumnado ao inicio de curso coa orientadora así como revisión da pestana de xade sobre necesidades educativas.
3. Informes de centros de procedencia do alumnado.
4. Datos da avaliación inicial ou das reunións cos equipos docentes.

Se a detección é por parte do/a titor/a ou doutro/a profesor/a, este/a deberá derivar o/a alumno/a ao departamento de información e orientación profesional do centro a través dun email no que se facilitarán os datos do alumno ou alumna, estudos que está a realizar e dificultade detectada.

Unha vez detectadas as necesidades asignaranse as medidas e os recursos oportunos tendo en conta as posibilidades do centro, informando ao/á alumno/a e aos pais/nais, en caso de menores de idade, as medidas serán o máis ordinarias que sexa posible e priorizaranse os casos con maior dificultade.

O DIOP asesorará ao profesorado sobre as NEAE en cuestión e as medidas de atención á diversidade precisas en cada caso así como sobre os distintos protocolos da Consellería.

Levarase a cabo un seguimento do alumnado con NEAE durante todo o curso para determinar a efectividade das medidas levadas a cabo.

Levarase a cabo unha estreita colaboración con posibles profesionais externos ao centro que traballen co alumnado con NEAE (ex. Anhida Coruña)

6 Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

INTERNOS, DO PROPIO CIFP:

Titores/as e equipo docente:



- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada módulo ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino - aprendizaxe para detectar dificultades e necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos ou apoios.
- Derivacións de alumnado ao DIOP para o rexistro oportuno
- Coordinar coa xefa do DIOP a intervención educativa do alumnado que presenta NEAE.
- Coordinar co equipo docente dos grupos o axuste das respostas educativas ante as necesidades máis específicas de apoio educativo.
- Promover un contexto de colaboración coas familias.

Orientadora:

- Elaborar o correspondente informe de escolarización para aqueles casos que soliciten praza pola cota de alumnado con discapacidade.
- Elaborar os informes psicopedagóxicos e outro tipo de informes sobre alumnado.
- Asesorar aos titores sobre as NEAE dos alumnos e alumnas da súa titoría así como sobre as pautas de actuación a levar a cabo.
- Facer un seguimento dos alumnos e alumnas con informe de escolarización.
- Colaborar na detección de novas NEAE a través de contactos con familias, reunións con alumnado e profesorado...
- Colaborar no deseño e aplicación de medidas individuais de reforzo educativo.
- Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con NEAE.
- Solicitar o asesoramento do EOE ante os casos que así o requiran.
- Equipo directivo: a través de reunións periódicas, colaboración na organización, facilitar os recursos na medida das posibilidades...

EXTERNOS:

Nos casos en que o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro (asociacións, servizos sociais...) estableceranse os contactos necesarios coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

O modelo de coordinación e colaboración interna cobra vida nas seguintes actuacións:

- Reunión cos/as titores/as e outro profesorado.
- Contactos cos anteriores por medios dixitais.
- Reunións de departamento.



- Reunións coa xefatura de estudos e equipo directivo.
- Contactos con departamentos de orientación de centros de procedencia do alumnado.
- Reunións cos equipos docentes.

A coordinación dentro do propio centro realizarase de forma permanente:

O DIOP facilitará ao principio de curso aos titores e titoras informes sobre as NEAE do alumnado do seu grupo.

Posteriormente a través da reunión do equipo docente para realizar a avaliación inicial. Ao comezo das actividades do curso, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ó alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión o/a titor/a dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos o compoñan. Esa información poderá proceder, entre outras: do cuestionario inicial, dos informes individualizados de avaliación da etapa anterior, dos estudos académicos ou das ensinanzas de FP ou para o emprego, dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais, da experiencia profesional previa, da matrícula condicional do alumnado estranxeiro, da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso. O tratado na sesión de avaliación inicial e a proposta de medidas de atención á diversidade recóllense nunha acta, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.

A continuación, ao longo do curso, nas avaliacións trimestrais e a través do seguimento de cada alumno e alumna e do seu desenvolvemento persoal e avances nas aprendizaxes, valoraranse as medidas realizando as modificacións oportunas para dar respostas á diversidade.

Os titores e titoras trasladarán información relevante sobre problemáticas non rexistradas de alumnos e alumnas ao DIOP fundamentalmente ao principio de curso pero tamén durante todo o transcurso do mesmo.

8 Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro

A colaboración coas familias do alumnado menor de idade basearase fundamentalmente nas:

- Entrevistas persoais coas mesmas.
- Comunicacións telefónicas
- Comunicacións vía correo electrónico
- Comunicacións vía abalar

Farase unha reunión ao principio de curso coas familias ou titores/as legais do alumnado de FPB para establecer unha primeira toma de contacto, así mesmo os titores e titoras manterán contactos periódicos.



Cos servizos externos, educadores, traballadores sociais, psicólogos ou pedagogos privados, etc... a colaboración é permanente e realizarase puntualmente en función da temática a tratar e da solicitude de intervención por parte das familias e/ou do alumno/a, se é maior de idade.

Dependendo da relevancia dos asuntos a tratar cos servizos externos ao centro, a comunicación será nun primeiro momento vía telefónica, e ou e-mail, seguida dunha posible entrevista persoal e/ou reunión conxunta.

9 Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

- Flexibilización modular. Ámbito y flexibilización modular de ciclos formativos (xa especificado no apartado)
- Solicitude de profesionais necesarios para facer efectivo o acceso ao currículo (ex. Intérprete de lingua de sinais, especificado no apartado)

10 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

O PXAD debe axustarse á realidade cambiante do centro. A revisión do PXAD realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito momento.

A avaliación deste plan efectuarase a dous niveis:

1. Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
2. Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade.

Temporalización:

- Avaliación inicial: a revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e as circunstancias existentes nese momento.
- Avaliación continua: ao longo do curso, os titores/as, o equipo directivo e o DIOP irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.
- Avaliación final: o obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do centro, e sinalar as modificacións pertinentes.

Criterios de avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade:

- Adecuación do plan ás necesidades reais do centro e do alumnado.
- Tasa de abandono do alumnado con NEAE
- Tasa de promoción do alumnado con NEAE
- Grao de colaboración e participación cos servizos externos ao centro.

Con estes datos, ao final de cada curso, o DIOP elaborará a correspondente memoria establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.